



Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2023/04

Trámite Acta.- Acta de sesión

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Excusa a súa asistencia
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Preside a sesión como Alcaldesa accidental, a Primeira Tenente de Alcalde, Dna. Ana M.^a Varela Bastida (RA núm. 2023-0286, 29.03. 2023)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos, primeira convocatoria.

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 22.02.2023 (2023-0003) .- Iníciase este punto da orde do día dando conta da acta da sesión realizada polo pleno con data 22.02.2023 para os efectos establecidos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de febreiro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e sendo sometida a votación ordinaria polo voto favorable dos doce membros presentes sendo trece o seu número total de membros, o Pleno prestou aprobación á indicada acta.

2º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MUGARDOS.- Dáse inicio ao exame deste punto da orde do día elevado á previa consideración da Comisión Informativa de Persoal, Facenda e Participación Cidadá en sesión extraordinaria urxente realizada con data 22.03.2022:

“ ...

2.- Aprobación, se procede, da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Mugardos (creación postos GES).

No Salón de Plenos do Concello de Mugardos, ás nove horas e trinta minutos do día 22 de marzo de 2023, logo da convocatoria e citación ao efecto, reúnese en sesión extraordinaria urxente a Comisión informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.

Unha vez motivada a urxencia da citada convocatoria extraordinaria, procédese á votación da ratificación da mesma, resultando aprobada por por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), e acto seguido éntrase no estudio e discusión do segundo punto incluído na orde do día.

O Sr. Mahía explica en qué consiste a proposta de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Mugardos, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 560/2021 co seguinte texto:

“PROPOSTA

Expediente N°: 560/2021





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Asunto: modificación da RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO do Concello de Mugardos

Vistas as Actas do resultado do proceso de negociación colectiva levado a cabo no seo da Mesa de Negociación conxunta de funcionarios e persoal laboral do Concello desenvolvidas con data 22.12.2022 e 17.03.2023, e os informes emitido pola intervención e secretaría do concello de datas 09.03.2023 e 17.02.2023, e seguindo as consideracións reflectidas neste último, corresponde iniciar o proceso de tramitación da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo para dar cobertura segundo o establecido na normativa sobre emprego público, aos postos correspondentes ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal.

Desta forma, en exercicio das funcións delegadas pola Resolución da Alcaldía núm. 536/2021, do 24.05.2021 e aoa abeiro do establecido no artigo 202.2º e 3º da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, elevo á consideración do Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación cidadá a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á modificación puntual RPT de data 21.11.2022 elaborada por Santos Lorenzo Lorenzo e Memoria xustificativa complementaria elaborada por Santos Lorenzo Lorenzo de 10.03.2023, para a inclusión do servizo GES.

Segundo.- Someter a proposta de modificación a información pública durante vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios na sede electrónica do concello de Mugardos e no seu portal de transparencia par a presentación de reclamacións, suxerencias ou alegacións, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás terceiras persoas interesadas.

Terceiro.- Aprobación definitiva da modificación puntual e texto refundido resultante da Relación de Postos de Traballo con resolución das reclamacións e alegacións presentadas polo Pleno.

Cuarto.- Remisión de copia íntegra á Administración General del Estado e á Comunidade autónoma, debéndose publicar anuncio do seu contido íntegro no BOP.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Concelleiro de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, D. José Miguel Mahía Prados (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 536/2021, do 24.05.2021)."





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Seguidamente abrése un turno de debate:

Intervén o Sr. Argemino dicindo que o informe de intervención fala de que será preceptivo realizar unha modificación orzamentaria, polo que se van a abster ata poder ver a modificación.

O Sr. Martínez Bardanca indica que eles tamén se van a abster porque non lles deu tempo a revisar toda a documentación con detemento, e que por este motivo reservarán o seu voto para o Pleno.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Mugardos, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 560/2021, e a comisión informativa por 9 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 5 PP) e 4 abstencións (1 BNG, 3 PSOE), acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á modificación puntual RPT de data 21.11.2022 elaborada por Santos Lorenzo Lorenzo e Memoria xustificativa complementaria elaborada por Santos Lorenzo Lorenzo de 10.03.2023, para a inclusión do servizo GES.

Segundo.- Someter a proposta de modificación a información pública durante vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios na sede electrónica do concello de Mugardos e no seu portal de transparencia par a presentación de reclamacións, suxerencias ou alegacións, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás terceiras persoas interesadas.

Terceiro.- Aprobación definitiva da modificación puntual e texto refundido resultante da Relación de Postos de Traballo con resolución das reclamacións e alegacións presentadas polo Pleno.

Cuarto.- Remisión de copia íntegra á Administración General del Estado e á Comunidade autónoma, debéndose publicar anuncio do seu contido íntegro no BOP.”

Debate:
Primeira quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados, portavoz grupo municipal PP. Explica o sentido do expediente e da realización da modificación de crédito anunciada en Comisión Informativa remitida a aos voceiros dos grupos municipais por correo electrónico dende o servizo de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Secretaría.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. O seu grupo se abstivo en Comisión Informativa non por que no estivese de acordo co sentido da proposta se non pola supeditación á realización de modificación de crédito da que ate hoxe non se tivo coñecemento. Reitera o seu parecer conforme e adianta o seu voto a favor.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Adianta o voto a favor do seu grupo no mesmo sentido que o xa sinado polo voceiro do grupo municipal BNG. E quere aproveitar a ocasión para indicar que hai sete prazas vacantes que deben ser ofertadas de servizo de obras, limpeza etc.

Debate:
Segunda quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados, portavoz grupo municipal PP. Pasa de seguido a realizar un relato dos antecedentes de feito máis sinaldos e a agradecer ao representante de persoal membro do GES, grupos municipais, persoal do concello e MXG pola súa labor e facer posible o acordo a adoptar .

Rematado o debate, en votación ordinaria, por doce votos sendo trece o número total de membros, o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia prestou aprobación ao seguinte **acordo que se recolle segundo ditame:**

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á modificación puntual RPT de data 21.11.2022 elaborada por Santos Lorenzo Lorenzo e Memoria xustificativa complementaria elaborada por Santos Lorenzo Lorenzo de 10.03.2023, para a inclusión do servizo GES.

Segundo.- Someter a proposta de modificación a información pública durante vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios na sede electrónica do concello de Mugardos e no seu portal de transparencia par a presentación de reclamacións, suxerencias ou alegacións, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás terceiras persoas interesadas.

Terceiro.- Aprobación definitiva da modificación puntual e texto refundido resultante da Relación de Postos de Traballo con resolución das reclamacións e alegacións presentadas polo Pleno.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Cuarto.- Remisión de copia íntegra á Administración General del Estado e á Comunidade autónoma, debéndose publicar anuncio do seu contido íntegro no BOP

3º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1279/2021. POS+ 2021. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE PISTA MULTIDEPORTE E PARQUE INFANTIL EN O BAÑO TRAS REQUERIMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.- Dáse inicio a este punto da orde do día previamente elevado á consideración da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente en sesión ordinaria realizada con data 16.03.2023:

“Expediente 1279/2021. POS+ 2021. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Das obras de pista multideporte e parque infantil en o baño TRAS REQUERIMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA Favorable Tipo de votación: Ordinaria A favor: 3, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Visto que mediante acordo plenario de data 04.02.2021, aprobouse o proxecto técnico da obra de “PISTA MULTIDEPORTE E PARQUE INFANTIL EN O BAÑO”, por un importe de 100.880,91 €, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Francisco Barea Paz (BAREFAR S.L.), en data de 24.04.2020, e que figura incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”.

Visto, así mesmo, o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, sobre a aprobación do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021, no que se incluía a obra de “PISTA MULTIDEPORTE E PARQUE INFANTIL EN O BAÑO”, por un importe de 100.880,91 €.

Visto que mediane acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.08.2022 foi declarada deserta a licitación da dita obra por non terse presentado ningún licitador.

Visto o proxecto modificado de “PARQUE INFANTIL EN O BAÑO”, adaptado as novas condicións do mercado, coa actualización de prezos e eliminación de partidas para non sobrepasar o inversión inicialmente prevista, polo importe de 100.880,91 €, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Vicente Lourido Vázquez (BAREFAR S.L.) e asinado dixitalmente en data 24.11.2022 e a súa aprobación mediante resolución da alcaldía núm. 2023-0043, de data 17.01.2023 e a súa posterior ratificación polo pleno da corporación de data 25.01.2023.

Visto o informe de supervisión desfavorable emitido pola Deputación Provincial da Coruña polo que se requería ao concello emendar unha serie de aspectos contemplados no proxecto asinado en data 24.11.2022. E visto o novo proxecto modificado polo importe de 100.880,91 €, redactado polo enxeñeiro de camiños,





Concello de Mugardos
(A Coruña)

canais e portos Vicente Lourido Vázquez (BAREFAR S.L.) e asinado dixitalmente en data 31.01.2023 adaptado as especificacións determinadas pola Deputación Provincial da Coruña e dada a necesidade de aprobación do novo proxecto modificado para a súa tramitación ante a Deputación Provincial da Coruña e proceder a súa posterior licitación, pola presente **RESOLVO**:

1º.- Prestar aprobación, ao proxecto modificado: “PARQUE INFANTIL EN O BAÑO”, polo importe de 100.880,91 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Vicente Lourido Vázquez (BAREFAR S.L.) e asinado dixitalmente en data 31.01.2023, e que figura incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021.”

Debate:
Primeira quenda de intervencións:

Jorge Manuel Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICS.- Explica o sentido da modificación a requirimento da Deputación por actualización de normativa e un erro de cálculo.

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos doce membros presentes, sendo trece o seu número total de membros, o Pleno ao abeiro do establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Prestar aprobación, ao proxecto modificado: “PARQUE INFANTIL EN O BAÑO”, polo importe de 100.880,91 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Vicente Lourido Vázquez (BAREFAR S.L.) e asinado dixitalmente en data 31.01.2023, e que figura incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021.

4.- ALCALDÍA.- EXPEDIENTE 312/2023. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2023-0199, SOBRE ASUNTO: ADHESIÓN CONVENIO ENTRE VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO VIXILANCIA E CONTROL CONTRA Á VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) AÑO 2023.- Dáse inicio a este punto da orde do día previamente elevado á consideración da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente en sesión ordinaria realizada con data 16.03.2023: “Expediente 312/2023. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2023-0199, SOBRE ASUNTO: ADHESIÓN CONVENIO ENTRE VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO VIXILANCIA E CONTROL CONTRA Á VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) ANO 2023 Favorable Tipo de votación: Ordinaria A favor: 2, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0 Vista a resolución da alcaldía núm. 2023-0199, do 03.03.2023 sobre o asunto de referencia, infórmase favorablemente a adopción do seguinte acordo: 1.- Ratificar a resolución da alcaldía núm. 2023-0199, do 03.03.2023 sobre o asunto arriba epigrafiado.”

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos doce membros presentes, sendo trece o seu número total de membros, o Pleno ao abeiro do establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar a resolución da alcaldía núm. 2023-0199, do 03.03.2023 nos seus propios termos.

5º.-SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES

Non se formulan.

6º.- INTERVENCIÓN.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2022. O portavoz do grupo municipal PP manifesta que se trata tan so de dar conta.

7º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse inicio ao exame deste punto da orde do día pola secretaria dando lectura á dilixencia estendida con data 23.03.2023 que obra no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona PLN/2023/4:

“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662 acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaria comprensivos de tal extremo. Tense publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 19, de data 27.01.2023, anuncio da aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas, dándose traslado do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 213 de 10.11.2022, para os efectos establecidos no artigo 65.2º da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local, á Subdelegación do Goberno en A Coruña e á Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia, así como do texto íntegro do mesmo, e





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

para os efectos do seu visado, ao Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social, estándose á espera da cumprimentación deste último trámite.

EXPEDIENTE 2676/2022. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2023”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”; tendo sido subsanado, na sesión plenaria realizada en data 22.02.2023, o erro material padecido no acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 14.02.2023, remitíndose á Deputación Provincial de A Coruña dita subsanación.

EXPEDIENTE 2812/2022. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

EXPEDIENTE 82/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGASP PARA A SELECCIÓN DE POLICÍAS LOCAIS, VIXIANTES E AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Academia Galega de Seguridade Pública solicitude de prórroga do convenio. Así mesmo, pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima do convenio acordouse solicitar a prórroga do mesmo; tendo sido asinada polo sr. Alcalde a addenda ao convenio.

EXPEDIENTE 193/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NON INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO/A. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitíndose ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia certificación do acordo adoptado.

PROTOCOLO E CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA A XESTIÓN DO “COMPLEXO DEPORTIVO O CASTRO”. Uniuse ao expediente certificación do acordo adoptado así como borrador de convenio e anexo I Memoria-Programa con dilixencia de aprobación polo Pleno da Corporación.

EXPEDIENTE 1939/2021. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO DE ADHESIÓN AO “CONVENIO CON LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS, PARA LA PUESTA EN MARCHA DE UN PROYECTO DE ACERCAMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN A LA CIUDADANÍA DEL MUNDO RURAL”. Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia solicitude de adhesión ao convenio e inscribiuse, con data de adhesión do 03.03.2023, no Rexistro de Convenios do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

EXPEDIENTE 220/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC 01/2023, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 219/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBEO 01/2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia.

EXPEDIENTE 2526/2022. DENUNCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARIA DE ESTADO DE HACIENDA (DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO) E O CONCELLO DE MUGARDOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xerencia Rexional do Catastro de A Coruña certificación do acordo adoptado; téndose comunicado polo citado Centro Directivo que non se manifesta oposición á denuncia e que, por conseguinte, o dito Convenio considérase extinguido dende o 7 de abril de 2023.

RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 2023-0153 APROBACIÓN PROXECTO “REPARACIÓN Y MANTENIMIENTO DE PARQUES INFANTILES DEL CONCELLO DE MUGARDOS”, EXPEDIENTE 225/2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

8º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2023-0137 AO 2023-0261..- Non se formula obxección ou comentario ningún.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

- Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG: da conta de que por parte da contratista que está a executar as obras na contorna do colexio Loyola fai trece ou catorxe días levantou as beirarrúas que están paradas a día de hoxe, obrigando á veciñanza a que se desprace pola estrada.
- José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE: formula dous rogos. O primeiro deles pasa a relatar os investimentos previstos no orzamento do ano 2022 segundo a oiquidación do orzamento e solicita que se proceda polos membros do goberno cando vaian a vixiar as obras que o fagan a pé para que podan ver os problemas. E o segundo rogo ten que ver co IVTM para que se pasen os recibos nos meses de marzo e abril.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Ignacio Fernández Fernández, concelleiro do grupo municipal PsdG-PSOE. Pon de manifesto a falta de consideración do equipo de goberno co resto dos grupos aos que se teñen que enterar das actuacións municipais a través de “Mugardos en liña” e cita entre outros, o a casa do reloxo. Polo que roga que se adiquen as Comisións Informativas que van vacías de contido nas convocatorias á súa función e finalidade.

Sendo as dezanove horas e cincuenta e catro minutos do vinte e nove de marzo de dous mil vinte e tres, a Alcaldesa accidental levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e prace
A alcaldesa accidental
(RA 2023-0286, 29.03. 2023)

A secretaria

Ana María Varela Bastida

Paula E. Ramos Díaz

